

Díscurso pronunciado no acto de recepción da medalla da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo polo Alcalde do Excmo. C. de Mondoñedo

M. Orlando González Cruz
Alcalde do Excmo. Concello de Mondoñedo

Excelentísimo e Reverendísimo Señor Arcebispo de Santiago de Compostela.

Excelentísimo e Reverendísimo Señor Arcebispo de Oviedo, electo de Valencia.

Excelentísimos e Reverendísimos Señores Bispos de Mondoñedo-Ferrol e Ourense.

Excelentísimo e Reverendísimo Dr. D. Segundo Leonardo Pérez López, Presidente da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo.

Ilustrísimos Señores Académicos de Número da Academia Rosendiana.

Excelentísimos Subdelegados do Goberno en Lugo e A Coruña.

Señor Almirante Xefe da Zona Marítima do Cantábrico.

Excelentísimas e ilustrísimas autoridades, queridos compañeiros das corporacións mindoniense e dos diferentes concellos galegos que hoxe nos acompañan, bos días a todos.

É para min hoxe un día de especial emoción, e sei que falo en nome de todos os mindonienses, porque esta será, para a historia, a data na que fixo a súa entrada na nosa cidade a Academia de San Rosendo, que devolve a Mondoñedo ao primeiro plano da cultura europea ao situar aquí unha das súas sedes permanentes, na que como mínimo celebrará unha solemne sesión cada ano.

Dase a circunstancia, ademais, é dígoo verdadeiramente conmovido, de que hoxe mesmo tan venerable e prestigiosa institución nos entrega a súa Medalla da Academia, nun xesto que vén recoñecer o que a nosa cidade representa fronte á historia.

Señores académicos: en nome da Cidade de Mondoñedo, que non esquecerá xamais este xesto, moitas grazas.

Quero expresar públicamente a nosa eterna gratitude a todos cantos conforman a Academia de San Rosendo: teólogos, escritores, xeógrafos, biblistas, historiadores, artistas plásticos... Pero moi especialmente ao seu presidente, Segundo Leo-

nardo Pérez López, que é sen dúbida, ademais dun dos grandes teólogos hispanos, un mindoniense de adopción, xa que nesta cidade cursou os seus primeiros estudos eclesiásticos, que completaría en Salamanca e en Roma; nesta cidade foi reitor do Seminario Mayor, e a esta cidade segue moi vencellado hoxe como coengo da Santa Igrexa Catedral.

Pero, sobre todo, temos que agradecerlle o ter fundado e dirixido por case vintacinco anos o Anuario de Estudios Mindonienses, que leva o nome da nosa cidade a máis de 500 lugares e institucións do mundo enteiro.

Os mindonienses sabemos ben, querido Don Segundo, que vostede é dos que fai Galicia máis grande e entrañable, porque no seu corazón alenta a fe que fixo nacer este Vello Reino de Occidente.

Quero hoxe ademais ter palabras de especial afecto, tamén neste solemne acto, para un académico que é mindoniense de nacemento, Don Xosé María Díaz Fernández, deán da Santa Igrexa Catedral de Santiago e, a día de hoxe, a maior autoridade mundial no pórtico da Gloria.

E eu, pola miña parte, recollo esta medalla, insisto, sabendo que esta é unha data para a historia non só do noso Vello Reino de Galicia, senón para a historia de todas as nacións de Europa vencelladas ao Camiño de Santiago.



Mondoñedo, conxuntamente coa nosa cidade irmá de Ferrol, hoxe aquí tan nobremente representada, comparte a capitalidade da Galiza do Norte, diso que a literatura deu en chamar a Última de Todas as Bretañas Posibles. Da que viu chegar, entre os séculos Quinto e Sexto, a prelados bretóns coma o lendario Mailoc, que desembarcaron nas costas ferrolás para despois viren camiñando ata onde hoxe estamos.

A vella mitra mindoniense tivo como prelados, entre outras figuras, nada menos que a Frei Antonio de Guevara, o autor máis lido na Europa do século XVI ao que cita con admiración, no limiar do Quixote, Don Miguel de Cervantes.

Emocióname aínda máis do que xa o estou saber que onde hoxe nos encontramos estivo Guevara un día, e non dubido que á nosa beira, aínda que non o vexamos, tamén está Álvaro Cunqueiro, do que hoxe conmemoramos o cabodano do seu pasamento.

Estou seguro de que o autor de Merlín e Familia aplaude hoxe a entrada na cidade da Academia de San Rosendo.

E non me cabe dúbida ningunha de que tamén el está emocionado, véndonos recoller esta medalla que, máis que a ninguén, tamén a el lle pertence nesta hora máxica.

Bos días de novo, e mil veces benvidos, como dicimos en Mondoñedo e como din noutra Bretaña irmán, na Bretaña de Francia.

